



ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL
presenta


FORO
ACADEMIA
ABERTA

*Felix
Murcia*

25 / 26
outubro

16.00 a 20.00

FACULDADE
DE CIENCIAS DA
COMUNICACIÓN
DA UDC



A EXPRESIÓN
PLÁSTICA NO CINE

Organiza:



Academia Galega do Audiovisual

Colabora



Concello da Coruña
Consellería de Cultura



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Facultade de Ciencias da Comunicación



Félix Murcia é un director artístico español, responsable da ambientación e decoración de numerosas películas, series de televisión e obras de teatro, que conta con 48 anos de experiencia profesional. É o único director artístico galardoado co Premio Nacional de Cinematografía en 1999 e o único que consegue en cinco ocasións o Premio Goya á mellor dirección artística.

Traballa como director artístico en moitos títulos que son historia do cine español, como as nomeadas aos Óscar "Carmen" de Carlos Saura e "Mujeres al borde de un ataque de nervios" de Pedro Almodóvar, así como en "Secretos del corazón" de Montxo Armendáriz, "El perro del hortelano" de Pilar Miró, "El caballero Don Quijote" de Manuel Gutiérrez Aragón e en "Todo es silencio" de José Luis Cuerda, actualmente en posproducción. Tamén se encargou do vestuario en películas de Manuel Gutiérrez Aragón, José Luis Garci, Imanol Uribe ou José Sacristán.

Así mesmo, Félix Murcia comparte a actividade profesional coa docencia, impartindo a ensinanza da especialidade de Dirección Artística en diversas Escolas de Cinematografía e Universidades.

A EXPRESIÓN PLÁSTICA NO CINE

Félix Murcia, ademais de afondar en tódolos elementos e profesionais que forman parte do departamento de dirección artística, falará durante estas dúas xornadas da teoría do procedemento a seguir para elaborar un

proxecto de dirección artística, dos criterios plásticos e o aspecto visual das películas, así como da construción e ambientación e de decorados, poñendo tamén exemplos de dirección artística en cine publicitario.

CONTIDO:

A EXPRESIÓN PLÁSTICA NO CINE

1. O Departamento de Dirección Artística.

Organigrama. Figuras profesionais e os seus diversos cometidos. Seccións dependentes do Departamento: Construción, Decoración e Ambientación, Atrrezzo e Utillería. Relación directa do Departamento con outras especialidades: Dirección e Producción; Vestiario; Caracterización e Efectos Especiais; Fotografía, Son e Efectos Dixitais.

2. Criterios plásticos e aspecto visual das películas.

Expresividade plástica. A forma e a cor. A forma. A cor. Deseño de Producción. Documentación. O deseño e a súa plasmación. Recursos do Deseño de Producción. Exteriores naturais. Escenarios naturais exteriores e interiores. Vestiario. Anteproxecto. Propostas previas á Dirección e Producción. Unificación de criterios. Tratamento. Memoria de Dirección Artística.

3. Teoría sobre o procedemento a seguir para elaborar un proxecto de Dirección Artística.

Proxecto de Dirección Artística. Deseño técnico e artístico de decorados. Proxecto e presuposto.

4. Construción.

Construción de decorados en plató. Falsas perspectivas. Construción de decorados en paraxes naturais. Construcións con efectos especiais. Actuacións parciais en escenarios naturais. Deseño de elementos construívos. Proposta de maquetas artesanais e dixitais.

5. A Ambientación.

En escenarios naturais; en escenarios, metade naturais e metade artificiais; e en escenarios totalmente artificiais.

6. Dirección Artística en cine publicitario.

(Distintos exemplos gráficos e filmados.)

INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición finaliza o 23 de outubro de 2012.

As prazas son limitadas

Pasos para formalizala inscrición:

1. Efectuar o pago correspondente [10 ou 30 euros] no número de conta 2080 5210 02 3040003381 (Novagalicia Banco), indicando o nome da persoa inscrita no concepto.

2. Enviar o formulario de inscrición cuberto xunto co xustificante de ingreso e, no seu caso, o carné de estudante, a:

info@academiagallegadoaudiovisual.com

TARIFAS

Socios/as da Academia e estudantes da UDC: gratuito

Tarifa xeral: 30 euros

Tarifa reducida

estudantes: 10 euros

* No caso de ser estudante, imprescindible achegar escaneado o carné de estudante ou documento acreditativo no momento da inscrición.

